

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Ref./Expte.:	13019 -224
Asunto:	Contrato de servizos do "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero"
Modalidade:	Procedemento aberto
Destino:	CONTRATACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO "PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NA MOCIDADE. ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO"

1) OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto desta licitación consiste en deseñar, xestionar e executar o "Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero".

Este contrato terá a consideración de **contrato de servizos** segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

1.1 Necesidades a satisfacer pola Administración

A violencia de xénero é un problema estrutural, que afecta as mulleres independentemente da súa condición social, nivel de educación, orixe e idade, e así está recoñecido na normativa internacional e estatal. Ten a súa base nun sistema de dominación dos homes sobre as mulleres, que se constrúe e reproduce de maneira implícita a través de normas culturais e sociais como os roles e estereotipos de xénero que todas as persoas asumimos sen darnos conta a través do proceso de socialización.

Por tanto, para poder atallar a violencia que se exerce sobre as mulleres, resulta imprescindible que a xuventude coñeza, comprenda e identifique os mecanismos de reprodución das desigualdades e da violencia de xénero, pois a mellor estratexia de prevención da violencia machista é o traballo e a concienciación da xente moza, implicándoa como protagonista do proceso de construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria. Para isto, e dado que a escola é un espazo idóneo para a socialización preventiva, é necesario buscar a implicación da comunidade educativa dos centros de ensino secundario da cidade.

O programa EnlazaVigo contra a violencia de xénero consiste na posta en marcha dun conxunto de actividades de sensibilización e de formación sobre a violencia de xénero co obxecto de previla, dirixidas ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e ciclos de Formación Profesional dos centros de ensino da cidade de Vigo. O Servizo de Igualdade poderá delimitar os cursos concretos aos que se dirixirán as actividades cada ano, de entre as etapas educativas mencionadas.

O programa iníciase ao comezo do curso escolar cunha oferta de actividades desde a perspectiva de xénero dirixida aos centros de ensino para as etapas educativas mencionadas, de tipo formativo, de expresión artística e reivindicativa para a súa realización nos propios centros en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 12:44	Páxina 1 de 18
13019-224	CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



horario lectivo. O programa inclúe a impartición de obradoiros formativos dirixidos ao alumnado (ata un máximo de 60 horas durante o primeiro trimestre do curso escolar 2024-2025), e culmina coa realización dun acto central que se realizará nun espazo a determinar polo Concello de Vigo, cunha duración aproximada de 3-4 horas, nunha data entorno ao 25 de novembro, con motivo da conmemoración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, que será un lugar de encontro e de presentación de boas prácticas no ámbito da coeducación e da prevención da violencia de xénero entre a mocidade.

1.2 Ámbito competencial

A normativa recoñece a competencia municipal na materia relacionada co obxecto do contrato:

- O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*
- A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 4 establece que o sistema educativo español incluírá entre os seus fins: *la formación en el respeto de los derechos y libertades fundamentales y de la igualdad entre hombres y mujeres.*
- A Lei orgánica 2/2006, de 2 de maio, de educación, inclúe entre os seus principios a prevención da violencia de xénero. Establece no seu artigo 8, que *las administraciones educativas y las Corporaciones Locales coordinarán sus actuaciones, cada una en el ámbito de sus competencias, para lograr una mayor eficacia de los recursos destinados a la educación y contribuir a los fines establecidos en esta ley.*
- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponlles ás Entidades Locais *o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.*
- O Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado polo Congreso das Deputadas e Deputados o 28 de setembro de 2017 establece no seu eixo 1 a medida 4: *Incluir, en todas las etapas educativas, la prevención de la violencia de género, del machismo y de las conductas violentas, la educación emocional y sexual y la igualdad, incluyendo además en los currículos escolares, los valores de la diversidad y la tolerancia.*
- A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, no seu artigo 41 establece que *a Administración autonómica adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a proporcionar, tanto ás mulleres como aos homes, unha educación para a igualdade.*
- O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla entre os seus obxectivos específicos: *concienciar a comunidade educativa sobre a importancia de promover a educación en igualdade mediante a*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 12:44	Páxina 2 de 18
13019-224	CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



posta en marcha de actuacións educativas que fomenten o principio de igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, así como promover medidas de concienciación e prevención da violencia de xénero entre a poboación viguesa.

- O presente contrato, ademais, atópase vinculado ás competencias que en materia de Igualdade ten delegadas a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística mediante Resolución de Alcaldía de data 30 de xuño de 2023 (BOPPO 136 do 14/07/2023).

1.3 Lotes

Non procede a división en lotes pola natureza do obxecto do contrato. Ademais, para a correcta execución dos traballos e o seu control efectivo é preciso unha única coordinación dos mesmos.

2) XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS (artigo 116 LCSP)

O Servizo de Igualdade non dispón actualmente de recursos humanos e materiais suficientes para a realización dos traballos que require a xestión deste programa. Para o cumprimento da súa finalidade, será preciso que a entidade á que se lle adxudique o contrato dispoña de persoal adecuado que responda ás necesidades expostas nesta memoria e no prego de prescricións técnicas.

3) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Trataríase dun **procedemento aberto**. O gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario no programa funcional do Servizo de Igualdade. A forma de tramitación será a **ordinaria** con múltiples criterios de valoración.

O 65% destes criterios está relacionado coa calidade, de conformidade co establecido no artigo 145.4.2º da LCSP. Ao tratarse dun contrato de servizos contido no Anexo IV, os criterios relacionados coa calidade deben representar, ao menos, o 51% da puntuación asignable na valoración das ofertas. Código CPV: 80000000-4 Servizos de ensinanza e formación

4) PRAZO DE VIXENCIA, EXECUCIÓN E PRÓRROGA

4.1 Prazo de vixencia e de execución: nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de 3 meses e 22 días. A prestación do servizo realizarase durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro. O período de execución desexable sería desde o 1 de setembro de 2024 ata o 22 de decembro de 2024.

4.2 Xustificación do prazo do contrato: este órgano xestor estableceu este prazo de execución suficiente para conseguir unha realización do servizo eficaz.

4.3 Prazo da prórroga: non se establece.





5) CAPACIDADE E SOLVENCIA

Consonte os artigos 90.1.e), 145, e a disposición adicional 47ª da LCSP, este servizo xestor estipulou no expediente uns requisitos de solvencia técnica que teñen a finalidade de que a empresa adscriba ao contrato persoal con formación no eido da Igualdade e a experiencia na impartición de obradoiros de formación e sensibilización en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e na prevención da violencia de xénero dirixidos á mocidade.

a) Capacidade: só poderán ser adxudicatarias do contrato aquelas persoas xurídicas cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais lle sexan propios. Segundo o art. 77.1.b) para este procedemento non será exixible a clasificación empresarial ao tratarse dun contrato de servizos.

b) Solvencia : as/os empresarias/os deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional que a continuación se indican:

b.1) Solvencia económica e financeira:

Volume anual de negocios que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, deberá ser cando menos do 70% do valor estimado do contrato.

Xustificación: fíxase esta solvencia proporcional ao obxecto do contrato, de modo que non supoña un obstáculo para a participación das pequenas e medianas empresas, así como persoas físicas que se presenten á licitación, de conformidade co disposto no artigo 1.3 e no artigo 87.4 da LCSP.

A acreditación efectuarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a empresaria ou empresario estivera inscrita/o no dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito/a.

As empresarias e empresarios individuais non inscritas no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b.2) Solvencia técnica ou profesional:

Segundo o art. 77.1.b) da LCSP, para este procedemento non será exixible a clasificación empresarial ao tratarse dun contrato de servizos. Consonte o artigo 90.1 e 90.2 da LCSP, a solvencia técnica acreditarase polo cumprimento do seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o/a destinatario/a, público/a ou privado/a. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato. Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando a destinataria sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 12:44	Páxina 4 de 18
13019-224	CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



certificado, mediante unha declaración do/a empresario/a, acompañada dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

XUSTIFICACIÓN: a capacidade e solvencia esixida é necesaria para poder ofrecer unha atención de calidade nun programa especializado dirixido a previr a violencia de xénero, así como formar e sensibilizar na igualdade de oportunidades entre mulleres e homes a adolescentes. Estas condicións son imprescindibles para conseguir resultados favorables no eido da igualdade, consonte coa finalidade que perseguen as competencias delegadas.

6. MEDIOS PERSOAIS A ADSCRIBIR AO CONTRATO:

Deberá adscribirse ao contrato un mínimo de 2 perfís profesionais:

- 1 dinamizadora.
- 1 formadora para impartir os obradoiros.

Deberán ter a seguinte formación académica e experiencia laboral:

a) Dinamizadora:

- **Titulación académica esixida:**
 - Formación profesional superior en calquera das seguintes titulacións específicas: Técnica/a superior en Animación Sociocultural ou Técnica/o superior en Promoción da Igualdade de Xénero
- **Ademais da titulación anterior, deberá ter a seguinte formación:**
 - Formación especializada en materia de igualdade de xénero e/ou Igualdade de Oportunidades, cunha duración mínima de 150 horas.
- **Experiencia profesional:**
 - Experiencia laboral na execución directa de proxectos que inclúan a dinamización de grupos xuvenís cunha duración mínima de 3 meses.

b) Formadora de obradoiros:

- **Titulación académica esixida:**
 - Unha titulación universitaria
 - Ademais do anterior, Mestrado de Formación para o Profesorado ou Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP)
- **Ademais da titulación anterior, deberá ter a seguinte formación:**
 - Formación especializada en materia de igualdade de xénero e/ou Igualdade de Oportunidades, cunha duración mínima de 500 horas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 12:44	Páxina 5 de 18
13019-224	CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



• **Experiencia profesional:**

- Experiencia laboral na impartición á poboación xove de obradoiros/charlas/cursos de promoción da igualdade de xénero e/ou a prevención da violencia de xénero cun mínimo de 25 horas.

Acreditación dos requisitos:

Con respecto á titulación académica esixida:

- As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante o título expedido polo Ministerio con competencias en materia de educación ou certificación da respectiva Universidade ou centro docente (graos, licenciaturas, diplomas, mestrados, doutorados e titulacións de ciclos formativos oficiais, de ser o caso).

Con respecto á formación en xénero e/ou igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- Considerarase formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero os contidos que aborden estas materias baixo calquera das denominacións utilizadas polos organismos autonómicos, nacionais e internacionais, tales como igualdade de xénero, *mainstreaming*, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres, conforme establece o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Acreditarase a formación en xénero e/ou igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante a achega dos seguintes documentos:

- No caso de mestrados, especialista, experta ou experto universitario efectuarase mediante o título ou certificación da Universidade no que conste ter superado a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización e o número de horas ou créditos ECTS.
- No caso de Título Superior de Técnica/o de Promoción de Igualdade de Xénero, mediante o título oficial ou certificación do centro docente no que conste ter superado a formación conducente á obtención do referido título.
- No caso de formación continua (cursos e xornadas), mediante a achega de certificados expedidos por organismos públicos oficiais, nos que deberán constar as datas de realización, contido do curso e número de créditos e/ou horas. Poderá requirirse a achega do programa formativo.
- Non se terá en conta os cursos ou xornadas de menos de 5 horas de duración.
- Valoraranse os módulos ou partes integrantes dun curso nos supostos nos que quede debidamente acreditada a carga lectiva e horas/créditos asignados de forma diferenciada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 12:44	Páxina 6 de 18
13019-224	CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



- Non se terá en conta a formación en igualdade (cursos ou módulos) que formen parte do programa de estudos que serviu para a obtención do título requirido para o posto.

Con respecto a experiencia laboral:

- A experiencia laboral da dinamizadora en proxectos de dinamización de grupos xuvenís acreditarase mediante certificado de empresas, contratos laborais e/ou vida laboral, dos que se desprenda a categoría profesional do persoal, o nome do programa, institucións, persoas destinatarias e a duración do contrato.
- A experiencia laboral da formadora na execución directa de obradoiros/charlas/cursos de promoción da igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero acreditarase mediante certificado de empresas, contratos laborais e/ou vida laboral, dos que se desprenda a categoría profesional do persoal, o nome do programa, institucións, persoas destinatarias, datas e horas efectivamente realizadas.

XUSTIFICACIÓN: considérase necesaria esta formación e experiencia específica que ven motivada polo seguinte:

-Pola finalidade do programa: a formación e sensibilización para a prevención da violencia de xénero, materia que require duns coñecementos específicos.

-Polo público destinatario das accións: a poboación xove. A adolescencia é unha etapa vital especialmente sensible onde se está a conformar a identidade e a personalidade, polo que as profesionais que interveñan deberán posuír coñecementos e habilidades específicas que teñen en conta as súas características e realidade.

- Pola propia duración do programa: 1 trimestre escolar. A curta duración do contrato non permite que o persoal poida ir formándose ao longo da súa execución, senón que é imprescindible que este conte previamente coa experiencia mínima esixible e a formación necesaria.

Isto é compatible co exposto no artigo 23 da Lei 10/22 da garantía integral da liberdade sexual, onde se indica o deber de garantir a formación das e dos profesionais que interveñan na prevención (entre outros aspectos) das violencias sexuais, con especial atención á formación do persoal que teña un contacto directo e habitual con menores de idade.

Polo tanto, para impartir os obradoiros formativos dirixidos ao alumnado, o persoal que os imparta debe dispoñer de coñecementos sobre pedagogía, manexo de grupos e ademais ter coñecementos específicos da materia concreta que se vai impartir, relacionada coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero.

Por outra banda, requírese dunha persoa con coñecementos e experiencia en dinamización de grupos xuvenís e no ámbito da igualdade, que sexa capaz de coordinar as actividades e dinamizar os centros de ensino desde unha perspectiva de xénero.

Considérase, ademais, que este número de horas e de meses de experiencia profesional mínimo esixido son adecuadas para acreditar, por unha parte, que se conta coa experiencia mínima imprescindible, e por outra non limitar a concorrència a esta licitación, facendo posible que as licitadoras cumpran cos requisitos esixidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 12:44	Páxina 7 de 18
13019-224	CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



7. CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

O carácter esencial dos criterios de avaliación no desenvolvemento do procedemento de adjudicación dun contrato, de acordo co recollido no artigo 145.5 LCSP, busca definir un proceso baseado en criterios obxectivos que garantan o respecto aos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato, así como a avaliación das ofertas en condicións de competencia efectiva.

Xustificación: tal e como xa se reflectiu no apartado 6 desta memoria, a poboación destinataria deste programa é unha poboación especialmente sensible pola súa idade, que requirirá uns coñecementos e habilidades por parte do persoal que leve a cabo as accións previstas que permitan unha mellor adaptación as súas características específicas. Unha maior experiencia do persoal, por tanto, repercutirá nunha mellor calidade do programa.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta que máis vantaxe ofrece ao Concello, procederase a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación para determinar cal é a oferta que presenta a mellor relación calidade-prezo.

O artigo 145.4.2º da LCSP establece a obriga de que, nos contratos de servizos do Anexo IV, os criterios relacionados coa calidade representen, ao menos, o 51% da puntuación asignable na valoración das ofertas. Estes criterios representan o 65% dos criterios establecidos.

Establécese un sistema de puntuación sobre **100 puntos**, distribuídos nos seguintes apartados:

- En relación aos criterios avaliados mediante xuízo de valor, propónse unha aplicación dun 49% da puntuación total.
- En relación aos criterios avaliados a través de fórmula, propónse unha aplicación do 51% da puntuación total.

Por conseguinte, para poder identificar a oferta que máis vantaxe ofrece ao Concello, procederase a avaliar as ofertas, de acordo cos criterios que se definen a continuación para determinar cal é a oferta que presenta a mellor relación calidade-prezo.

De seguido enuméranse e descríbense os criterios propostos para adjudicar o contrato:

7.1. Criterios avaliados mediante xuízo de valor. Ata un máximo de 49 puntos:

Xustificación: co obxecto de valorar os aspectos técnicos da execución do contrato que permitan establecer unha mellor relación calidade/prezo, as contratistas deberán presentar un proxecto técnico cunha proposta de programación, que se valorará cun máximo de 49 puntos. O programa consiste no deseño, organización e execución dunha serie de actividades e recursos pedagóxicos dirixidos aos centros educativos, o cal require, por parte da adjudicataria, duns coñecementos específicos en materia de programación didáctica que se adapte ás características da poboación xove.

Os puntos outórganse atendendo a aspectos de calidade técnica que xa están incorporados en catálogos de boas prácticas de contratación pública, así como veñen sendo utilizados e conformados por esta Administración.



**Proxecto técnico de actividades.** Valorarase con ata **49 puntos**

As licitadoras deberán achegar un proxecto técnico de actividades, no que expoña unha **programación de actividades desde a perspectiva de xénero a desenvolver nos centros educativos da cidade durante os meses de outubro a decembro de 2024.**

Esta programación deberá incluír os seguintes contidos:

- Denominación da proposta de lema.
- Obxectivos xerais e específicos a acadar.
- Xustificación das accións propostas en base ao coñecemento das características, necesidades e realidade da poboación nova e a prevención da violencia de xénero.
- Programación conforme coas **condicións establecidas no apartado 2.e) do prego técnico**, que deberá incluír as seguintes propostas:
 - Unha proposta de deseño dun obradoiro formativo:
 - dirixido ao alumnado de 4º da ESO
 - de 1 hora de duración
 - con indicación de: título, obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos didácticos, indicadores de seguimento e avaliación.
 - Unha proposta de 1 actividade de dinamización.
 - Unha proposta de 2 produtos finais que amosen o traballo colectivo realizado polo alumnado e que poñan en valor o programa municipal.
 - Unha proposta de organización de acto central que reúna as seguintes características:
 - Dirixido a 1.500 alumnas e alumnos de 3º e 4º da ESO.
 - Nun lugar cuberto con gradas e salas multiusos.
 - Cunha duración de entre 3 e 4 horas.
 - Con indicación das actividades con perspectiva de xénero que se desenvolverán neste acto, de tipo formativo, lúdico e reivindicativo, do material e equipamento do que se disporá e o persoal que se encargará do acompañamento ás participantes e a dinamización do acto.
- Indicadores de seguimento e avaliación.
- Proposta de elementos de difusión e comunicación que se empregarán.

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

a) Xustificación das accións propostas en base ao coñecemento da realidade e características da mocidade e das necesidades dos centros: valorarase con ata **5 puntos**.



SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



b) Coherencia interna, adecuación dos contidos á finalidade do programa e metodoloxía: valorarase con ata **24 puntos**, repartidos nos seguintes subapartados:

b.1) Da proposta de actividades formativas, de dinamización e visibilización: valorarase con ata 14 puntos.

b.2) Da proposta de acto central: valorarase con ata 10 puntos.

c) Recursos didácticos, materiais e coordinación: valorarase con ata **5 puntos**.

d) Integración da perspectiva de xénero en todas as fases do proxecto: valorarase con ata **10 puntos**.

e) Plan de calidade, sistema de avaliación e indicadores de satisfacción: valorarase con ata **5 puntos**.

A efectos de valoración deste criterio:

1. Non será considerada a efectos de valoración a mera transcripción literal ou quasi literal simple ou mimética das esixencias reflectidas nos pregos de prescricións técnicas ou de cláusulas administrativas, nin as formulacións que contradigan os pregos, ou resulten incoherentes con eles, e, en todo caso, a entidade adxudicataria quedará obrigada igualmente ao cumprimento íntegro dos pregos.
2. De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un umbral mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (24,5 puntos mínimos), respecto á máxima posible (49 puntos), no criterio “proxecto técnico de actividades”, de tal forma que unha puntuación inferior ao 50% resultará excluínte do proceso.

7.2 Criterios avaliáveis a través de fórmula. Ata un máximo de 51 puntos:

1. Redución do prezo do contrato: valorarase con ata 35 puntos

- Redución do prezo da parte fixa do contrato (recollida no apartado 2.1.2.b da memoria económica): valorarase con ata **30 puntos**
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 2.1.3 da memoria económica (parte variable do contrato): valorarase con ata **5 puntos**

Presentarase un orzamento desglosado por conceptos.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado pola licitadora.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.





- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

d) Xustificación das fórmulas elixidas:

Estas fórmulas resultan proporcionais e veñen sendo utilizadas por esta Administración con continuidade coa conformidade da Intervención municipal.

2. Maior experiencia laboral da dinamizadora e da formadora a adscribir ao servizo. Ata un máximo de **16 puntos**, a razón de **8 puntos por cada unha das seguintes profesionais asignadas:**

- Experiencia laboral acreditada da persoa dinamizadora de 3 meses (a maiores dos 3 meses mínimos esixidos), en proxectos de dinamización de grupos xuvenís: 8 puntos.
- Experiencia laboral acreditada da persoa formadora de 25 horas (a maiores das 25 horas mínimas esixidas) na impartición á poboación xove de obradoiros/charlas/cursos de promoción da igualdade de xénero e/ou a prevención da violencia de xénero: 8 puntos.



SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Regras de aplicación das fórmulas:

- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar fórmulas.
- Na aplicación de fórmulas só se terán en conta dous decimais.

Acreditación das condicións establecidas nos criterios pola adxudicataria:

- A experiencia laboral da dinamizadora en proxectos de dinamización de grupos xuvenís acreditarase mediante certificado de empresas, contratos laborais e/ou vida laboral, dos que se desprenda a categoría profesional do persoal, o nome do programa, institucións, persoas destinatarias e a duración do contrato.
- A experiencia laboral da formadora na execución directa de obradoiros/charlas/cursos de promoción da igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero acreditarase mediante certificado de empresas, contratos laborais e/ou vida laboral, dos que se desprenda a categoría profesional do persoal, o nome do programa, institucións, persoas destinatarias, datas e horas efectivamente realizadas.

8. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

Criterios para determinar que a oferta contén valores anormais: Consideraranse que son ofertas anormalmente baixas, aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual. As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.
- Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e o dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

9. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Xustificación: establécense as seguintes consideracións de tipo social tendo en conta a materia obxecto do contrato, a cal está relacionada coa consecución da igualdade entre mulleres e homes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 12:44	Páxina 12 de 18
13019-224	CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



e a prevención da violencia de xénero. O expediente que regula este contrato ten un impacto de xénero positivo pois incorpora a perspectiva de xénero tanto no seu obxecto como na súa implementación e desenvolvemento. Polo tanto, considéranse adecuadas para conseguir estes obxectivos as seguintes condicións:

- A adxudicataria queda obrigada a que toda a documentación, publicidade, imaxe ou materiais deberán empregar un uso non sexista da linguaxe. Non se poderá empregar ningunha imaxe que discrimine ás mulleres ou que favoreza estereotipos sexistas. Utilizará unha linguaxe inclusiva e fomentará unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.
- Conforme o establecido no art. 202 la LCSP, a empresa deberá establecer medidas que fomenten a igualdade no traballo e a conciliación do traballo e a vida familiar entre o seu persoal.

10. INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 DA LCSP

Non procede, ao non estar prestándose este servizo con carácter previo a esta licitación.

11. PRAZO DE GARANTÍA

Dado a natureza das prestacións obxecto deste contrato non é necesario fixar un prazo de garantía, conforme o establecido no artigo 243 da LCSP.

12. SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos do indicado no art. 215 da LCSP, non se designan tarefas críticas.

13. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Non se prevé a modificación do contrato.

14. RESPONSABLE DO CONTRATO

A responsable do contrato asígnase á xefatura do Servizo de Igualdade.

15. SEGURO

Procede a constitución dun seguro de responsabilidade civil por parte da contratista cunha entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as abrigas derivadas do obxecto do contrato. O dito seguro de responsabilidade civil deberá ter un límite de indemnización non inferior a 300.000 euros por sinistro e ano para cubrir os danos materiais e/ou persoais ocasionados a terceiras persoas.

A póliza indicada deberá prestar cobertura polos danos acontecidos e reclamados durante todo o período de execución dos contratos ata a conclusión deste e polos danos acontecidos durante este período de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.



SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Antes do comenzo de contrato, o Concello de Vigo disporá copia da póliza finalmente subscrita e firmada pola Aseguradora para cubrir os riscos descritos, así como tamén dos correspondentes recibos liquidados. A adxudicataria comprométese expresamente ao puntual abono dos recibos xerados pola póliza, tanto no momento da súa contratación como na súa renovación, así como calquera outro que se devengue durante a vida da póliza, sendo da súa exclusiva responsabilidade calquera defecto de cobertura orixinado pola falta de pago dos citados recibos.

A adxudicataria queda obrigada a informar o Concello de Vigo de calquera incidencia que afecte á vixencia e condicións do seguro.

En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa pola aplicación de franquías ou outro tipo de descuberto do seguro contratado, deberá ser soportada pola adxudicataria.

16. LUGAR DE ENTREGA

As prestacións obxecto do contrato desenvolveranse nos seguintes lugares:

- Con carácter xeral, as actividades desenvolveranse nos distintos centros educativos da cidade (ESO, BACH e ciclos de FP).
- Para o desenvolvemente do acto central, nun lugar a determinar polo Servizo de Igualdade, que poderá ser un centro cuberto ou na vía pública.
- Para as tarefas de deseño, elaboración da programación e seguimento do programa, nun local/oficina da entidade adxudicataria.

17. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

1 de setembro de 2024.

18. CESIÓN DE DATOS Á ADXUDICATARIA E CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL

A finalidade do tratamento dos datos e/ou imaxes que serán cedidos polo Concello de Vigo á entidade que resulte adxudicataria deste contrato serán os das persoas solicitantes do programa (persoal docente dos distintos centros educativos), que resulten imprescindibles para a súa correcta prestación e o cumprimento de todas as obrigas que asume a contratista.

Non aplicará ou utilizará estes datos e/ou imaxes con fin distinto ao previsto no contrato, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, agás autorización expresa por parte do responsable do ficheiro nos termos previstos regulamentariamente.

Ademais, de acordo co establecido no art. 122.2 da LCSP, estará obrigada a presentar antes da formalización do contrato unha declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se prestarán os servizos asociados a estes, debendo comunicar calquera cambio que se produza ao longo da vida do contrato da anterior información.

As licitadoras estarán obrigadas a indicar na súa oferta se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados ós mesmos, o nome ou o perfil empresarial, definido por



Copia do documento - Concello de Vigo
13019-224

Data impresión: 12/08/2024 12:44

Páxina 14 de 18

CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas ós que se vaia encomendar a súa realización.

Aos efectos do disposto no artigo 308 da LCSP, os documentos elaborados que poidan derivarse da execución do contrato serán propiedade do Concello de Vigo, que poderá reproducilos, publicalos e divulgalos total ou parcialmente sen que poida opoñerse a empresa autora dos traballos.

A adxudicataria non poderá facer un uso ou divulgación dos documentos elaborados con motivo da execución deste contrato, ben sexa de forma parcial ou total, directa ou extractada, sen autorización expresa do órgano de contratación.

Tampouco poderá establecer relación con instancias oficiais públicas ou privadas, nin realizar publicacións, asistir a cursos, conferencias, seminarios ou semellantes en calidade de relatoras ou relatores sobre materias relacionadas coa execución do programa contratado sen permiso expreso e previo do Servizo de Igualdade, a través da responsable municipal do contrato, mesmo cando xa tivese finalizado a execución do contrato.

19. MEDIDAS EN CASO DE FOLGA

No suposto eventual de folga xeral ou folga no sector ao que pertencen as traballadoras adscritas ao programa, a adxudicataria comprométese a manter informado ao Concello de Vigo das incidencias e coordinará coa responsable municipal do contrato os servizos mínimos a prestar, no caso de que estes se determinen.

Unha vez finalizada, a entidade adxudicataria deberá presentar, no prazo máximo dunha semana, o informe, coa conformidade da coordinadora do servizo, no que se indiquen os servizos mínimos realizados e o número de horas e servizos que se deixaron de realizar.

Unha vez comprobados os incumprimentos producidos como consecuencia da folga, o Concello deducirá da factura o importe que corresponda, que será determinado pola persoa responsable do contrato, e comunicaráselle por escrito á adxudicataria.

20. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

20.1 Obrigas da adxudicataria

1. A adxudicataria designará o persoal (monitorado) que sexa necesario para un bo desenvolvemento e dinamización de todas as actividades obxecto do contrato. Será preciso que, cando menos, se asigne un ratio de 1 monitor/a por cada 75 alumnas/os no acto central. Este monitorado deberá ter unha titulación oficial de monitoras/es de actividades de tempo libre e contar con formación en materia de Igualdade cun mínimo de 20 horas.

2. Deberá garantirse pola adxudicataria que todo o persoal adscrito a este programa teña a experiencia e a formación especializada en igualdade e violencia de xénero que foi obxecto de valoración para a adxudicación deste contrato. No caso de substituír á profesional ou profesionais asignadas ao contrato, a adxudicataria deberá enviar a documentación acreditativa da experiencia



SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



e a formación do persoal coa debida antelación para a validación previa por parte do Servizo de Igualdade.

3. A adxudicataria deberá contar coas correspondentes certificacións negativas do Rexistro Central de delinquentes sexuais para o persoal adscrito ao contrato que dedicará á prestación do servizo, incluído o monitorado e o persoal que realice o transporte do alumnado así como a previsión de que eses mesmos certificados deben ser obtidos para os casos de baixas, substitucións ou coberturas de vacante. Este deber deberá cumprirse durante todo o período de execución do contrato. A empresa deberá substituír de forma inmediata ao persoal que non conte coa dita certificación negativa.

4. Durante a prestación do contrato, toda información que a adxudicataria ofrezca acerca do programa ante as persoas beneficiarias (profesorado, alumnado e cidadanía), referirase ao Servizo de Igualdade do Concello de Vigo, sen dar publicidade de profesionais ou outras institucións públicas e/ou privadas.

5. Garantir que todas as imaxes e datos que obteña e/ou utilice a adxudicataria durante a execución do programa foron obtidas cos debidos consentimentos conforme coa lexislación vixente, atendendo á especial consideración que precisan as e os menores de idade.

6. Comprobar previamente e dar o visto bo, por parte de persoal de prevención de riscos que contrate a adxudicataria, que todos os elementos, soportes, materiais, etc. que se utilicen para a organización e desenvolvemento de todas as actividades están en perfecto estado de conservación e mantemento conforme coa lexislación vixente, tendo en conta que o público asistente será maioritariamente menor de idade.

7. A entidade adxudicataria, antes do comezo do evento, deberá coñecer e cumprir o plan de autoprotección de emerxencia ante riscos que teña establecido o lugar ou centro onde se vaia desenvolver o acto, e dalo a coñecer ao seu persoal con tempo suficiente para que teñan a necesaria información e establezan as medidas de actuación e coordinación necesarias e ademais poidan propoñer e realizar as adaptacións oportunas. Se o local non dispón de plan de autoprotección, a adxudicataria deberá elaborar un específico para o evento.

8. A adxudicataria deberá organizar os dispositivos de prevención e atención de accidentes e riscos: punto de atención de primeiros auxilios, equipo de emerxencias para a coordinación con outros dispositivos como ambulancia, protección civil, etc.

9. Todos os autocares que a empresa adxudicataria poña a disposición da prestación obxecto deste contrato deberán cumprir as esixencias fixadas pola lexislación vixente en materia de transporte escolar Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar de menores.

10. Entre outras, os autocares deberán cumprir con: autorización para transporte escolar no termo municipal de Vigo, permiso de circulación, tarxeta da ITV vixente e debidamente dilixenciada acreditativa dos vehículos que van a efectuar o desenvolvemento do servizo que autoriza para exercer actividade de transporte de viaxeiros/as, pólizas de seguro (seguro responsabilidade civil e seguro obrigatorio dos vehículos de viaxeiros/as).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 12:44	Páxina 16 de 18
13019-224	CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



11. A adxudicataria garantirá o emprego dunha linguaxe e imaxe non sexista tanto na fala do persoal asignado ao contrato como nos documentos e imaxes internas ou públicos referentes á prestación deste servizo.

12. A lingua galega empregarase, con carácter xeral, tanto na fala como na documentación interna e pública referente á prestación deste servizo, segundo o previsto na Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

13. Toda a documentación e protocolos utilizados non conterán publicidade da contratista e reflectirán en lugar destacado o logo do Concello de Vigo.

21. CONFIDENCIALIDADE, PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

A contratista e o persoal ao seu servizo na execución do contrato están obrigadas, como encargadas do tratamento de datos persoais, ao cumprimento do disposto nas disposicións legais e regulamentarias que, en materia de protección de datos e de dereitos de imaxe, se atopen en vigor na data de adxudicación do contrato ou durante a súa vixencia.

Deberá informar ao seu persoal de que só poden tratar a información do Concello para cumprir os servizos obxecto do contrato e tamén da obriga de non facer públicos, ceder ou allear cantos datos coñezan. Esta obriga subsistirá aínda despois da finalización do contrato.

A contratista e o seu persoal someteranse aos documentos de seguridade que poidan estar vixentes no Concello de Vigo para cada un dos ficheiros aos que teñan acceso.

Unicamente tratará os datos persoais aos que teña acceso para a correcta prestación do servizo. Non aplicará ou utilizará os mesmos con fin distinto ao previsto no contrato, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, agás autorización expresa por parte do responsable do ficheiro nos termos previstos regulamentariamente.

O incumprimento por parte da adxudicataria das súas obrigas nesta materia determinará a asunción por ela de todas as responsabilidades previstas na normativa aplicable, incluído o pagamento do importe íntegro de calquera sanción que en materia de protección de datos de carácter persoal lle fose imposta ao Concello de Vigo, así como da totalidade dos gastos, danos e perdas que sufra esta Administración como consecuencia deses incumprimentos.

En consecuencia, cos antecedentes descritos, propónse a remisión da presente memoria xustificativa para a contratación da xestión do “**Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero na mocidade. EnlazaVigo contra a violencia de xénero**” e a redacción do correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

As técnicas que subscriben declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/08/2024 12:44	Páxina 17 de 18
13019-224	CSV: A1A755-3F4D44-AB44A6-YAEZJN-Z82BRE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, subscriben declaración de non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Vigo, na data da sinatura dixital

A axente de Igualdade.- Mar Soto García

A xefa do Servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

CONFORME:

A concelleira delegada de Igualdade e Comercio.- ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ [Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023)]

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.- MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO [Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023)]

